



A. C.-C. TERRA DE OUTES

Local Social do Cruceiro

Cruceiro de Roo, 4

OUTES-15287

Estimadas amigas e amigos:

Reanudando a nosa tradición anual, no mes de xullo, Terra de Outes organiza unha **churrascada** para todos os socios/as e colaboradores/as, á cal están tamén convidados os familiares e amigos dos que calquera invitado/a desexe vir acompañado/a, coa condición de apuntarse para a mesma cunha semana de antelación, a fin de saber coa maior exactitude posible a cantidade de comida e bebida que vai ser necesaria.

A churrascada vai ter lugar o **sábado 16 de xullo** na área recreativa que o Liceo de Noia posúe en Ceilán e pón á nosa disposición. Comenzará a prepararse ás 13 horas e mentres a carne chega ao seu punto, que será en torno ás 14 h., teremos unhas empanadas de entrante e uns viños para os adultos e refrescos para menores de idade.

Durante a sobremesa, aproximadamente ás 17:00 horas, no mesmo lugar presentaremos o nº 59 da nosa revista *Terra de Outes*.

Para vir á comida é preciso que confirmedes a vosa asistencia —e digades se ides traer acompañante/s— antes do venres 8 de xullo, no teléfono 634 416 574 ou no enderezo electrónico terradeoutes@gmail.com. Se unicamente ides asistir á presentación da revista, non é necesario anotarse con antelación e estades invitados/as a un café e chupiños se vos apetece.

Un cordial saúdo

Ramón Blanco Fernández

Secretario da A. C.-C. TERRA DE OUTES

Outes, 26 de xuño de 2022